

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

N.º 6 · abril-xuño 2009

1€



Neste número:

Cartas forais... (V).

O local da Falanxe en Outes.

O catolicismo no s. XXI (II).

A crise económica actual (II).

Unha viaxe a Cuba.

e as nosas seccións habituais...



Entrevista a
Domingo Barreiro

Editorial

Por un plano eólico sostible

O debate sobre o aproveitamento da enerxía eólica voltou con intensidade a Galiza tras a adxudicación do concurso convocado pola Consellería de Industria e Innovación. Este debate veu nesta ocasión cunha turbidez derivada de moitas fronteiras interesadas en que os cidadáns non poidamos ter unha discusión aberta e sa sobre a futura explotación eólica que nos convén. Por unha banda a turbidez política, que se difundiu a partes iguais polos tres partidos representados: tiñamos a un PSOE facéndolle a cama aos seus socios de goberno escenificando un vergonzoso abandono da mesa de contratación, a un BNG, artífice do concurso, sumido no dogmatismo oficialista empeñado en negar por sistema e sen argumentos todas as acusacións que dende diversas partes se facían, e un PP que antes que abandeirar unha oposición explícita ao plano eólico deixaba que os seus inimigos se mallasen entre eles e difundía selectivamente as críticas que lle interesaban sobre o concurso. Por outro lado tiñamos aos grupos empresariais descontentos coa resolución do concurso difundindo información, non sempre veraz, sobre a adxudicación do mesmo. É de agradecer en contraste a luz que determinados sectores sociais como o movemento ecoloxista achegaron neste río revolto, dentro da escasa difusión que se lles permitiu. As demandas que realizaron son máis que sensatas e deben ser tidas moi en conta se se quere que o novo plano eólico sexa sustentable e non unha nova fraude. O ecoloxismo foi o primeiro que defendeu e defende o uso de enerxías renovables e por iso non se mostra por principio en contra do plano eólico en Galiza; agora ben, son precisas unha serie de condicións para que ese plano non se desvirtúe e termine sendo peor o remedio que a enfermidade, comezando por reformular a fórmula de explotación: Industria non optou por unha empresa pública para a explotación que fixese os beneficios públicos; e seguindo por unha limitación cuantitativa: Galiza non pode pretender producir tanta enerxía eólica como Dinamarca con algo máis da metade da superficie e menos da metade da poboación. Despois tamén se debe limitar a situación dos parques e, como afortunadamente Galiza é moito máis que a Rede Natura, non se debe pensar só en respectar os Lugares de Interese Comunitario, senón incluso evitar aquelas zonas que son susceptibles de seren incluídas no proxecto de ampliación da Rede, ou que se pense naquelas zonas que sen ter unha regulación de protección especial si teñen un elevado valor paisaxístico e ecolóxico digno de respectar. ¿Que mellor exemplo disto que o Monte da Pena en Outes?, e chove sobre mollado: ¿non hai xa muíños dabondo en Outes?

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páx. 6
Economía	páx. 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Medioambiente	páx. 10
Páxinas Literarias	páx. 11
Viaxes	páxs. 12 e 13
Reportaxe	páx. 14
Os papeis de Añón	páx. 15
Foto Antiga	páx. 16
Novos artistas	páx. 16

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

FOTO DENUNCIA



Abandono, deixadez, pasotismo, decadencia.

Xastre 09

JOSEMA
Seguros

Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

Charla no Día da Muller

Con ocasión do Día Internacional da Muller Traballadora, a A.C.C. Terra de Outes organizou o sábado 7 de marzo na Casa da Cultura unha conferencia que, co título **Homes pola igualdade de xénero**, impartiu o profesor Xoán Carlos Hermida, premio "Homes pola Igualdade 2008"; na que se referiu ás posicións que adoptan os homes diante do cuestionamento da hexemonía do poder masculino e o imparable fortalecemento dos dereitos da muller, así como cales serían as reaccións e cambios desexables neles.



Próximos actos: Día das Letras

Para sumarnos á conmemoración das Letras Galegas, a nosa Asociación pretende organizar o venres, 15 de maio, unha charla de **Xabier Castro**, profesor de Lingua e Literatura Galega no IES Virxe do Mar de Noia, sobre Ramón Cabanillas, no 50 aniversario da súa morte; e o sábado, 16, un debate sobre a figura de Ramón Piñeiro, a quen este ano a Academia Galega adica o Día das Letras, coa participación de **Manuel Caamaño**, membro do patronato do *Museo do Pobo Galego*, da Fundación *Pedrán de Ouro* e da Fundación *Castelao* e **Xusto Beramendi**, catedrático de Historia contemporánea na Universidade de Santiago e autor, entre outros, do libro *Historia do nacionalismo galego*.



Actos sociais

O sábado 12 de xaneiro, logo da presentación do exemplar nº 5 da nosa revista, a asociación Terra de Outes celebrou unha comida no seu local social de Outes, para a cal o coñecido hosteleiro Modesto Martínez preparou uns exquisitos fideos con ameixas que fixeron as delicias dos máis de 20 socios asistentes.

E o 21 de febreiro tivo lugar a tradicional lacoada que a asociación organiza coa chegada do Entroido, nesta ocasión disfrutada no restaurante de Feliciano Vives, a onde acudiron disfrazados a maioría dos socios asistentes.



Cervexería
ESTACIÓN
Burguer - Bocatas - Tapas

Avd. do Rocio s/n
 Serra de Outes

Telf. 981 85 07 04

Foro do Casal de Pedro Domínguez

Mingucho Campos


Na escritura outorgada perante o escriba da vila de Noia, Gonzalo de Pazos Villardefrancos, datada o 15 de xullo de 1649, polo abade do mosteiro de Sobrado, prior e monxes do de san Xusto de Toxosoutos, afóranse a Juan Martínez e outros o lugar e casal denominado de “Pedro Domínguez” situado dentro do couto de Vara, na parroquia de san Cosme de Outeiro, cunha renda de 48 ferrados de trigo, e 84 de centeo a pagar nos meses de agosto ou setembro na “casa tulla” da devandita vila de Noia e, en caso de venda, a décima parte do prezo.

O mentado foro comeza redactado nos seguintes termos: **“In dey nomine amen sepan cuantos esta carta de foro vieren como nos el muy Reverendisimo padre fray Atilano Gonzalez Abad del Real Monasterio de nuestra Señora de Sobrado y del de San Justo de Tojosoutos su anejo y con nos juntamente el padre fray Juan de Castro Prior del dicho Monasterio de San Justo los padres fray Rafael Rodríguez Presidente en el, fray Marcos Altamirano, fray Vicente de Varela, fray Julian de Cubeira, monges conventuales en el dicho Monasterio de San Justo que estamos presentes y en virtud del poder que para lo abajo contenido tenemos del dicho Monasterio de Sobrado y religiosos de cuyo traslado es este que se sigue...”**

O anteriormente reseñado fai referencia á carta de poder e procuración outorgada en “capítulo e en representación dos demais monxes ausentes” polo freire Nicolás Cabezón, prior e presidente dos mosteiros de Sobrado e Toxosoutos, quen, xuntamente cos freires Malaquías Ordóñez, Francisco Lorena, Bernabé Alonso, Justo Lobón, Felipe Escuredo, Lucas de Ávila, Lorenzo Serrano, Bernardino Maldonado, Simón de Laras, Hermenegildo de Mella, Jacinto Bernardo, Diego Burlero, Basilio Mealo, Pedro Ruíz, Justo Enríquez, Mauricio Enríquez, Sebastián de Herrera, Cosme de Pernias, Damián Concesión, Cristóbal Moro, Benito González, Miguel del Río, Esteban Rojo, Bernardo Escudero, Froilán de Soto, Matías González, Diego Gran, Bernardo Cueto, Benito de San Bernardo, Ambrosio Fernández, Prudencio Valenciano, Antonio Osagu, Francisco Abad, Ruperto Bermejo, Valeriano Valdés e Gabriel García para que: **“Por nos y en nuestros nombres representado nuestras propias personas puedan aforar y aforen todos y cualesquiera bienes y lugares que estubieren vacos y arrendarlos y apearlos de los nuestros Prioratos como es el de San Justo de Tojosoutos arriba declarado y el Priorato y Granja de las Cazcas y Priorato de San Martino do Porto para que su paternidad y compañero puedan hacer y hagan y otorguen todas y cualesquiera escrituras de foros y arriendos y conciertos... que les parecieren en el**

Priorato de San Justo... y asimismo les damos el dicho poder para que puedan ademitir cualesquiera voces que se hubieran de nombrar en algunos fueros y todas las escrituras de fueros y arriendos y conciertos que hicieren y otorgaren sean con las fuerzas vinculos y firmezas que nos desde luego los aprobamos y ratificamos...”

Consorte cos acordos reseñados afórase o chamado “Casal de Pedro Domínguez” a Juan Martínez, Dominga Doutón (a súa dona), Dominga Doutón (súa sogra), a Andrés Romeo, á súa dona Catalina de Vara e á súa cuñada María de Vara, ao propio Pedro Domínguez e á súa muller María Martínez, a Gregorio Pazos, Alberta Fernández, Alfonso Paz, María Fernández, **“Todos vecinos que sodes de la felegresía de San Cosme Douteiro y moradores en el Coto de Vara de la jurisdicción de la Villa de Muros y que como dicho es aforades para vos y para vuestras mugeres é para vuestros hijos y herederos y sucesores... uno de los lugares y casares sito e incluso dentro del dicho Coto de Vara que se llama el Casal de Pedro Domínguez...”**



O local da Falanxe en Outes

Xoan Francisco García Suárez

No número 5 de *Terra de Outes*, cando relatabamos a represalia da Falanxe sobre o veciño de A Serra, Xoán Mourís, faciamos referencia a un local que estaba ao dispor desa organización e que, ao paracer, era coñecido como “o centro”.

Este local, segundo as testemuñas consultadas, era propiedade dun veciño da Rúa da Cruz e estaba ubicado no que hoxe é a Avenida de Fisterra, moi perto da Casa do Concello e nel, anos despois, houbo una taberna.

Sabemos que por el, polo menos nos primeiros meses do levantamento de Franco en 1936, pasaron bastantes persoas para seren obxecto da saña dos membros da Falanxe que, ao tempo de impor o terror con inhumanas malleiras e torturas, aproveitaban para as súas vinganzas persoais e gañaban “méritos” diante dos xefes franquistas. Do que non temos datos nin información é sobre o por qué e cómo a Falanxe empregou este inmovible, aínda que non deberá sorprenden que quizais fose incautado para a ocasión. Dicimos para a ocasión, pois non temos información de que esta casa siga mantendo ese terrorífico

daquela con tan só vinte e un anos.

Xermán Suárez Míguez, nacido en 1915, comezou a traballar aos 15 anos nunha tenda dedicada a bazar e ferretería propiedade dos seus pais. En xuño de 1936 sufriu as ameazas do cura de Outes por cobrarlle o traballo feito na malla do trigo e o centeo, pois a familia tiña una máquina para a malla e alugáballe aos veciños. Cobrábase en función da cantidade de cereal traballado. Cando Xermán estaba a facer as contas logo de rematar o encargo do párroco, este recriminou por facelo, e díxolle: “Ti sigues mallando, que xa mallarei eu”.

No mes de xullo dese ano de 1936, Xermán comeza a traballar na fábrica de O Cunchido, na que traballaba o seu amigo Xoán Mourís e de quen xa coñecemos a súa historia. Pois o mesmo día que Mourís é requirido polos falanxistas para ir á casa da falanxe, Xermán é requirido polo balilla Xoán García Rodríguez e trasladado ás dependencias dos fascistas. Logo de mallaren en Mourís, Lage, Eladio e un mestre de San Ourente (este mestre foi propietario do Bar Compostela en A Coruña), tocoulle a quenda a Xermán

baixo a acusación de “antirreligioso”. A malleira foi tal que perdeu o coñecemento e, cando chegou á sua casa, tiveron que sacarlle a funda que tiña posta cortándoa cunha tesoura, pois tiña a roupa pegada ao corpo. Ao igual que Mourís, tardou moitos días en repoñerse con vinagre e envolto nunha saba.

Xa rematada a guerra, anos despois, os pais de Xermán recibiron a visita de D. José Tuñas, secretario municipal, quen lle requiriu o aparato de radio e unha colección filatélica, entre outras cousas, ao parecer para amosarllas a un Coronel. Nunca máis volveron ver estes obxectos tan “elegantemente” incautados.

Historias como esta houbo moitas; como dicíamos ao principio, o obxectivo era impor o terror polo medio que fose.

Nalgúns casos como o de Xermán ilústrase tamén a participación dun representante da Igrexa Católica, aproveitando a situación para vingarse dun pobre mozo. Diferenzas ideolóxicas? Imos ver: non temos constancia da militancia de ningún deles, nin do párroco nin de Xermán. Temos constancia dun feito que os diferencia: un traballador quer cobrar o seu traballo e o cacique-cura non quer pagar. Aí están as dúas ideoloxías. Non credes?



uso máis alá dos primeiros meses do golpe de Estado.

Recordabamos no anterior número a Xoán Mourís, e nomeabamos a moitos outros veciños de Outes que foron vítimas da represión, entre os que se atopaba Manuel Barreiro ou o mestre Manuel Blanco (*os mestres foron especial obxectivo e, en Outes, temos varios casos como o de Eugenio Romero, ao que condenaron moitos anos sen exercer a profesión*) ou o de Xermán Suárez, que contaba

A PRAZA

Deolinda Gómez

Árbores centenarias repletas de secretos e misterio, entrelazáronse os seus troncos, engrosaron e deixaron oquedades. Un ano tras outro, eu véxoas. Antes sen follas e tristes resisten e hoxe deixan que as súas follas cubran con cariño as súas pólas.

Ninguén lles dá nada, elas soas arróupanse e enlázanse, ninguén lles dá nada.

As veces, cando observo os coches que estacionan na miña praza, cada encendido do motor é como unha bofetada. Soportan o fume do CO₂, elas non din nada, algún que outro golpe nos seus troncos de tempo.

Creo que é bo saber mirar e coidar con agarimo o noso e non maltratar estas árbores centenarias, cuestión de querer o que se ten, cuestión de coidar as árbores non só con frases escritas ou pensadas; facer as cousas con cariño, pensando o que facemos e todo será mellor e a disfrutalo.

Reflexión : Como me gustaría ver a praza, co chan preparado, uns bancos onde poder conversar cos amigos e escoitar o ruído da auga, reter ese canto dos paxaros. Como me gustaría que isto noso perdurase, que os coches se fosen ao asfalto e a praza recuperase o perdido, anos de xogos de nenos, onde a fantasía se perdía e decíamos que estas árbores eran castelos ou montañas.

OPINIÓN

Pensa mal e acertarás?? (Ou non)

De novo retomamos o xa cansino pero necesario debate sobre o PXOM de Outes, pois aínda hai moitas preguntas doentes de resposta por parte do Concello. Iso si... que sexan algo máis convincentes para os cidadáns que dalgún que outro xeito se senten afectados, con máis ou menos abuso da man deste proxecto sibilino, condicionado en forma e defecto polos seus coñecedores... ("por aquí si... por alí non, xa veremos??").

Son moitos os interrogantes que planean sobre este PXOM para tan pouco Concello, que hai que evolucionar con seriedade, pois en habitantes imos a menos... ou ten pensado algún con sentidoño común, e máis nestes tempos que nos tocan lidar, que este Concello se vaia converter nun Bertamiráns, nun Milladoiro, ou nun lugar paradisíaco adocido por unha demanda ilimitada e chea de posibles?... Pois se hai algún con esa idea que baixe da nube antes de que sexa tarde... ou quizais veñan factorías co mesmísimo Manco Ortega á cabeza para salvarnos da queima... Quen sabe??

Doutro lado temos o "rústico"... tanto rústico... xa coarta as posibilidades de tantos veciños anónimos que pensaban deixarlle un soar a un fillo para unha casa, e ven que non poden máis que botar unhas patacas ou uns pés de millo... Se tiñamos pouco xa non teremos nada... (casos con nome e apelido). Canto fino soar ás beiras das estradas, algúns con beirarrúas, e total para nada... ou tamén aqueles que irán para vivendas de protección e "outros" para vivenda libre... Ben de liberdade??... son cousas que non se entenden á primeira...

Tampouco estamos dicindo que un PXOM non faga falta, que si é necesario. O que dicimos é que ten que ser nunha medida asequible á realidade de Outes, e ademais ten que pecar de solidario, aquí cedemos un pouquiño todos... todos??, non ti si e aquel non, que así empezan os mal entendidos, pois pasa sempre...

Hai que demandar un PXOM que reflicta as necesidades de Outes, pero non un PXOM cheo de esaxeracións, de autopistas, de rotondas sen moito sentido... con avenidas que non levan a ningures, con chalets adosados en terreos mollados, que estamos en Outes, non na Coruña... e se non é así os cidadáns teñen todo o seu dereito e deber de loitar polo que conseguiron a base de moitos esforzos e pesares ó longo dos tempos os seus vellos, e non van consentir con pasividade que lles rouben parte da súa vida por saír nuns papeis, feitos por fularito e mengarito de turno... quen sabe se afectados o infectados por toda esa áurea que rodea a elaboración dun plan tan complexo e con tanta relevancia na vida dos nosos veciños como este PXOM. Que ninguén está libre de pensar mal...??

En fin... a loita continúa.

Lusco e Fusco

O Miradoiro da Pena
non ten agachadoiro

O Miradoiro da Pedra da Vella no extremo sur do Monte Da Pena vén de ser Culto dos nosos antepasados desde tempos ben antergos. Logo de ser arrasado polo lume en numerosas ocasións e de servir de canteira ata os anos de 1960 para a construción das casas das aldeas circundantes aínda conserva tres Mámoas ó seu pé: unha na cima, a menos de 50 metros do punto xeodésico, dúas máis nos Chans da Millareira, no alto de Pedrouzo, a menos de 500 metros, e dúas máis na súa área de dominio, A Medoña, en Tardiado, e a do Gallardo.

Mítico Olimpo Celta, posto que a súa posición xeoestratéxica non ten desperdicio. Avistamento das dúas marxes da Ría desde o Castro de Baroña a Monte Louro, a sur e norte da Ría respectivamente. Por entre os montes do Confurco, na parroquia de Tállara, en Lousame, deixa ver un anaquiño de mar fronte á costa de Carril, na Ría de Arousa, dando unha imaxe ó observador da imponente Cordilleira da Barbanza que parece quixera ser unha illa unida polo istmo entre Noia, neste lado, e Ponte Veluso no outro. Ten tamén unha visión de privilexio cara ó interior de Galicia; cara ó este, no solnacente é coñecida a imaxe da Catedral de Santiago de Compostela que se divisa entre o Monte Pedroso e Parque de Santa Susana co maxestoso Pico Sacro no fondo da fotografía; a vista ó norte pérdese pola meseta do Xallas entre picoutos no horizonte dos que se identifican ó cerca os do Monte da Ruña e o Alto de Castrís; a mirada ó solpor ten especial encantía, ó mesmo tempo que co ollo esquerdo avistamos a desembocadura do río Das Donas no Tambre, este na Ría e esta no Atlántico; co ollo dereito observamos de fronte o outro Olimpo Celta, o Monte Pindo, marcando a foto o seu pico do Alto da Moa. Esta imaxe cautivou a retina dos poboadores desta bisbarra ó longo dos milenios e se houbera sensibilidade política, lugares coma este, de contrastado valor cultural, e sobre todo Paisaxístico, estarían Protexidos xa hai tempo, digo máis, agora mesmo non deben primar intereses a curto prazo que non sexan os de blindar a súa protección. No medio dos intereses economicistas xurdidos nas sociedades modernas, ás veces frenéticas polos monocultivos, deben aparecer e acenderse as conciencias públicas alá onde fiquen apagadas.

Se repasamos a obra de Xerardo Agrafoxo ou a de Xan Mariño, entre outros, decatámonos do enmarcado valor histórico do territorio ó que me estou a referir. Cabe facer unha ruta na toponimia de raíces celtas nas aldeas ubicadas nas dúas ladeiras do Monte da Pena, todas a menos de 3 km do Mirador: Mourelas, Vilar de Banzas, Cabanamoura, Couso, Vilar de Xallas, Mourís, Romarís, A Medoña, Cuns... No mesmo espazo están catalogados os Castros de Cando, o da Esfarrapa, o de Banzas e o do Castelete no Concello de Outes, o de Couso de Abaixo, o de O Castro, o de Albite e o de Mourís no concello de Negreira. Segundo Xerardo Agrafoxo esta concentración de necrópole castrexa é debida ás condicións agrobiolóxicas do terreo, que fan posible unha elevada demografía, condicións que tamén aproveitaron sociedades anteriores á castrexa, como demostran a cantidade de monumentos dolménicos.

O espiñazo do Monte da Pena ten polas dúas ladeiras alta densidade de núcleos de poboación e está exposto o seu avistamento desde un radio de máis de 40 km ó seu arredor, desde tódalas praias, cabos e lugares que miran mar adentro de ámbalas dúas marxes da Ría de Muros e Noia. É sobor de todo un recurso turístico de valor contrastado, non cabe pensar que se poida vender por dous megavatios ou que só se valore desde a perspectiva industrial.

Os que aquí convivimos suplicamos cordura ós dirixentes públicos, e como está na súa man, pregámoslle legislar un decreto urxente que protexa o sur do Monte da Pena (o norte xa ten ubicado o parque eólico de Corzan) como se vén de facer nas paraxes de Penedos de Pasarela e Penedos de Traba. Neste intre non sería honroso abandonar os cidadáns desta comarca na estratexia do "divide e vencerás" que veñen de practicar as empresas interesadas en máis viraventos co consentimento dalgunha institución admitindo a trámite os seus anteprojectos tendenciosamente documentados.

Manolo Lema.


Nacido en Cabanamoura, Outes

A CRISE ECONÓMICA ACTUAL (II)

Kiko Vidal

No último número da revista, alá por xaneiro, falaba da actual crise económica e dos seus culpables. Dende aquela, a cousa non deixou de ir a máis, e agora a crise xa se empeza a medir por “quilómetros de colas” nas oficinas de desemprego. Estamos falando xa dos prexudicados polas “*subprime*”, clube no que teríamos que incluír ó Sr. Touriño (segundo D. José Blanco, Touriño perdeu a Xunta por poñer as eleccións uns cantos meses antes, cando a sensación de crise non era tan acusada, inda que este é un tema do que teremos que falar outro día).

Si, quilómetros de desempregados, que no mellor dos casos van manter unha prestación por uns meses que lles permitirá seguir cumprindo, máis ou menos, coas súas necesidades básicas: pagar o pan, o leite, o pescado, a carne, a roupa, os libros dos cativos, etc. Tamén durante eses meses seguirá cumprindo, ou intentando cumprir, coas letras da hipoteca e do coche. Pero esa prestación non é ilimitada no tempo, co



cal queda preguntar ¿que será despois do paro?

Pero, ¿que está a facer agora o empresariado, único elemento económico que lle pode poñer freo ó incremento do paro? Inda que temos de todo tipo, unha parte importante do mesmo está pasando o tempo botándolles a culpa ós bancos porque lle negan un crédito que antes sobrava, e agora é un ben escaso. Pero non se ven con gañas, nin ideas, de endereitar a situación. Moitos pensan que para arranxar a situación, o mellor é meterlle ó banco unha remesa de papel pelota, co cal acaban perdendo o pouco crédito que poderían ter. Xa apuntaba no anterior artigo que o Goberno non soubo ver a gravidade da crise, e, polo tanto, non puxo en marcha mecanismos xurídicos que facilitasen a concesión de créditos (refírome a posibles modificacións na Lei Concursal que citaba no artigo publicado no pasado número da revista, tema no que os nosos “áxiles” lexisladores levan traballando meses). Pode que sexa este un bo momento para que o empresariado arrisque, lembremos que os mellores negocios se teñen feito en tempos de guerra, e a situación actual pode tomar nos próximos meses tintes de “guerra”. Que tome nota quen

poida e quen queira, veñen tempos de grandes oportunidades para o empresariado.

Pola miña profesión, tiveron a sorte, ou a desgraza, de ver como se empezaba a fraguar esta crise, e a súa evolución. Pola súa gravidade e pola súa aceleración, non se parece moito a outras crises anteriores, inda que nos queda o consolo de que, sexa como sexa, haberemos saír dela. Noutros momentos da historia económica europea, foron as guerras, ou mellor dito, a preparación das mesmas, os elementos que impulsaron o desenvolvemento económico;

esperamos que esta se resolva con outro tipo de medidas.

Pero esta crise económica ten cousas moi estrañas, e voume explicar. Un domingo de mediados de febreiro levanteime con gañas de cumprirlle unha promesa ós meus cativos. Esa promesa non era outra que levalos ver a neve. Collemos o coche pola mañá e fomos en busca da neve. Encontrámola entre Lalín e Chantada, fixemos un moneco de neve moi bonito e pasámolo moi ben. Algo antes das dúas da tarde entrámonos a fame, e fomos na busca dun restaurante para comer. Preguntei nun e dixéronme que estaba a tope, noutro tiña que esperar horas. No que acabamos comendo estaba abarrotado e parece que ata molestábase; tanto que se negaron a facer uns ovos fritos con salchichas que pediron os nenos. A conclusión é clara “ESTA CRISE DESAPARECE OS DOMINGOS QUE A MIÑA FAMILIA VAI Á NEVE”. Polo tanto, xa atopei a solución, o Estado ten que mandar a miña familia ó Polo Norte ou ó Polo Sur. Se non é así, a crise mandaranos a todos tomar polo (e non do de plumas).

Domingo Sendón

- Nace en San Pedro de Outes o 20 de xullo de 1897.
- Aos dezaseis anos emigra a Buenos Aires, onde comeza a traballar na hostalaría, chegando a ter unha pequena industria con outros socios outenses. San Telmo será toda a vida o seu barrio.
- Por volta de 1925 regresa a Outes para casar en San Ourente con Josefa Vieites Álvarez, que morrerá ao pouco tempo, como tamén lle morren as dúas fillas que tiñan.
- Volveu á cidade porteña, onde máis tarde reiniciará a súa vida ao casar con Consuelo Linde, natural de Asturias, e teren unha filla: Ana María. Non volverá visitar Outes até 1972.
- Canaliza boa parte da súa enerxía no funcionamento da "Asociación Unión de Residentes de Outes en Buenos Aires", desempeñando o cargo de "secretario de prensa" e, xa ben entrados os anos setenta, o de "secretario de actas".
- En 1954 escribe o seu primeiro poema en galego coñecido ("Motivo e sentimento outense").
- Como gran difusor da figura e obra de Añón, é artífice da colocación dunha placa na estatua do poeta en 1978, conmemorando o seu centésimo cabodano. Cando viaxara por primeira vez de Arxentina a Outes, para casar, xa trouxera a placa que hai na fachada da casa de Añón, en representación da dita "Unión Residentes de Outes" (que tamén promove a estatua do poeta de Boel, erixida para o "Día das Letras Galegas" de 1966, así como outra placa de 1968 que figura no propio monumento). Ademais, no boletín desa sociedade, publica, tamén en 1978, o artigo "Centenario del fallecimiento de Añón" e mais o poema "Un outesan que compreu un século no recordo". En 1986, cando Xosefina López de Serantes publica a súa biografía de Añón, cita a Sendón nos agradecementos ás persoas que lle facilitaron datos para ese traballo.
- Escribelle cartas á súa sobriña, Amanda Caamaño Sendón, nas que tamén inclúe poemas dedicados á Serra, cuxa temática habitual son os recordos da infancia, a paisaxe ou a emigración.
- Con case noventa e seis anos, en 1993, publica na cidade do Plata o seu único libro: *De Outes a San Telmo*, onde recolle a súa produción poética, maioritariamente tardía, en castelán e en galego (en proporción similar).
- Morre en Buenos Aires o 12 de novembro de 1994.



Entrevista con Domingo Barreiro

Domingos Barreiro é director de corais e compositor e tamén foi membro do inesquecible grupo "Los Romero", pero nesta ocasión non imos falar con el da súa faceta musical, senón do papel que, como profesor no IES Poeta Añón e membro do seu Equipo de Normalización Lingüística, lle corresponde na organización do premio Leixaprén que este ano lle corresponde entregar ó seu centro.

Explíquenos en que consiste o premio Leixaprén?

O Premio "Leixaprén" é un galardón que se outorga a unha persoa, entidade ou colectivo que se distinguiu pola promoción da lingua galega nas súas actividades.

De onde procede o término Leixaprén?

A palabra "leixaprén" procede de certa técnica poético-compositiva usada na literatura medieval que consiste en facer coincidir as mesmas palabras no final dunha estrofa e no comezo da seguinte.

E agora díganos, quen o outorga e con que finalidade?

Entrégao a Asociación Coordinadora "Leixaprén" formada polos IES de Muros (Fontexería e As Insuas), Outes (Poeta Añón), Noia (Virxe do Mar e Campo de San Alberto), Agra de Novío (Porto do Son), Félix Muriel (Rianxo) e os CPI de Lousame, Rois e Dodro, coa finalidade de recoñecer o esforzo a prol da difusión e o emprego da lingua galega en tódolos ámbitos.

Como é o proceso?

Cada Centro, antes de Decembro, presenta a súa terna de candidatos e logo tódolos centros nunha reunión posterior votan ós candidatos que lles parece. Nas primeiras reunión do "Leixaprén" as directrices eran ou foron as de premiar con prioridade a persoas de certo renome no mundo da cultura, para ir prestixiando o Premio, pero esa tendencia non se seguiu, ás veces, e coido que estamos a "mirarnos o embigo" a nivel da bisbarra ou ó de algúns círculos pechados. Ocorre tamén que as razóns que se dan para rechazar algunhas candidaturas non se lles aplican a outras para aceptalas, pero as votacións democráticas sonvos así. De tódolos xeitos, con chatas ou sen elas, a idea primeira do Leixaprén xa leva dez anos e iso é positivo.

A quen se lle entrega este ano e por que motivo?

A Asociación Mar de Lira, relacionada coa Confraría de



Pescadores desa localidade carnotana. En primeiro lugar polo emprego da lingua galega nas súas actividades, e, en segundo término, pola recuperación de moitos valores culturais dentro do ámbito mariñeiro, o que fan por medio dunha serie de proxectos e actividades novedosos e importantes para dar a coñecer o saber relacionado co mar ó mundo da escola e á sociedade en xeral.

Ademais faise unha homenaxe a alguén da localidade, ¿a quen?

Entre as diversas propostas que se barallaron, a irmá de Añón, unha profesora universitaria da localidade e a de Domingo Sendón Rodríguez, escolleuse a este último polo cultivo da lingua galega, por ser un “fan” acérrimo de Francisco Añón e polo amor que amosa á terra natal na súa poesía..



Felicítamos ao IES Poeta Añón pola iniciativa, transmitímoslle o noso desexo dunha longa vida para o mesmo e a esperanza de que se sumen á iniciativa máis centros educativos da comarca para que o premio Leixaprén teña a difusión e o relevo que se merece para revitalizar o uso da nosa lingua, non só nesta comarca, senón en todo o país, sobre todo nestes momentos nos que se cerne sobre o galego o máis dramático dos arrinconamentos a nivel escolar.

O premio Leixaprén

Estabamos liquidando un vello século e iniciando o agromar doutro novo, seguindo a lei imposta pola Natureza, cando os coordinadores dos equipos de normalización e dinamización lingüística desta comarca natural á que dá forma a Ría de Muros-Noia reuniámonos no IES Poeta Añón da Serra. Todos tiñamos in mente que aínda quedaba moito traballo por facer a prol da normalización e da dignificación do noso idioma. Desa primeira e pioneira xuntanza agromou unha iniciativa que co devalar do tempo foi adquirindo e conseguindo un prestixio no ámbito da cultura da nosa contorna, e atrevome a dicir que incluso fóra dela.

Aquela iniciativa, á que Pepe Agrelo bautizou, como bo padriño, co nome de “Leixaprén”, tiña como único obxectivo o recoñecemento público ás persoas, entidades, asociacións... que tiñan salientado na defensa la lingua galega.

No IES Poeta Añón fíxose entrega do primeiro premio Leixaprén ao Poeta da Terra Chá, Manuel María. Un verdadeiro exemplo de compromiso coa TERRA. Un escritor que compuxo unha inxente obra en momentos difíciles tan só na lingua nai acalada.

Foi Pepe Agrelo, mestre de mestres e escola viva de creadores, o segundo en ser recoñecido no IES Fontexería, no seu Muros de adopción. Logo serían tamén distinguidos Isaac Díaz Pardo, a imprenta Sementeira, a Asociación de Funcionarios en Lingua Galega e a Escola Raiola, entre outros. Longos anos de traballo, moitos esforzos nunca suficientemente recompensados mais, tamén, moitas iniciativas postas en presente e con perspectiva de futuro por ilusionados equipos que atoparán continuidade. Non o dubidamos!



PODEMOS SALVAR A RÍA (V)

Xesús do Río da Torre

Dentro da lista de problemas e ameazas que afectan negativamente ao estado ecolóxico, paisaxístico e económico da nosa ría non se pode pasar por alto o asunto da sobreexplotación pesqueira e marisqueira. Este problema ten un carácter global afectando a todos os mares do planeta, pero a nivel local das rías galegas ten unhas características peculiares. Teño que dicir de entrada que este asunto é algo incómodo de tratar, xa que publicar opinións que poden ser consideradas provocadoras, sabendo a gran cantidade de familias honradas e traballadoras que viven da pesca e do marisqueo, non resulta doado. Quede claro pois que non é a miña intención meterme co pan dos demais, na maioría das veces gañado con loable sacrificio. Pero o meu respecto e admiración sincera pola xente do mar non me impide ver determinadas políticas levadas a cabo polas administracións e determinadas accións do sector que chocan de fronte coa sostibilidade dos recursos naturais e incluso coa do propio sector. Antes de nada precísanse cambios de mentalidade. En Galiza o feito de que haxa unha actividade moi importante de pesca de baixura (a de altura non a trato aquí) ou de marisqueo, non é patente de curso que permita todo tipo de prácticas indiscriminadas que esquilman o mar ou que as administracións amparen e mesmo promovan a destrución, sen volta atrás, dos recursos. Comecemos polo marisqueo; segundo os datos oficiais a extracción de berberecho na ría elevouse en 2008 a preto de un millón oitocentos mil quilos e rondou o medio millón de quilos de ameixa. Modestamente, penso que xa vai sendo hora de pór couto a novas ampliacións de explotación na ría. A superficie desta é relativamente pequena, se se dedica demasiada superficie ao cultivo marisqueiro o conflito coa sostibilidade será inevitable.

Mención á parte merece a pesca de baixura, un sector en declive en boa parte de Galiza que en boa medida está a ser vítima de si mesmo. A diminución contrastada na poboación de determinadas especies ten moitas causas e eu xa levo apuntadas varias ao longo desta colección de artigos, pero non podemos obviar, cun mínimo de honestidade, que unha desas principais causas é o abuso que durante moitos anos se leva dando na pesca de baixura sobre determinadas especies para a súa posterior comercialización. E tense que dicir que as limitacións impostas pola Xunta a esta actividade levan sendo insuficientes dende que as primeiras alarmas saltaron nos primeiros anos 80, xusto cando a nosa autonomía comezaba a andar como tal e asumía competencias en materia de pesca. Limitacións en canto a cupos por día e embarcación, vedas, tamaños mínimos nalgúns casos... que non chegan para paliar o desastre que estamos a comprobar, e nisto tamén debemos considerar non só que as limitacións sexan insuficientes senón que ademais na práctica non se cumpren: a realidade está a ser dramaticamente terca, con resultados que non só danan o medio senón que ademais converten o sector en suicida por non poder garantir o seu obxecto empresarial no medio prazo por ir esquilmando os bancos.

Recentemente reformouse o regulamento que prohibía o establecemento de nasas durante a fin de semana, esta medida actuaba de paro biolóxico semanal para determinadas especies, sobre todo polbos. Pero foi máis que suficiente unha mínima presión de determinadas confrarías para que a Xunta cedese e eliminase un bo mecanismo de regulación. Penso que tamén é necesaria a intervención de máis sectores na regulación pesqueira e marisqueira que as confrarías, pois, sen esquecer a importancia económica do sector, non é menos certo que o mar é de todos e que en democracia

unha administración pública debe ponderar a totalidade dos intereses implicados e un deles é o dereito á conservación do noso mar, e isto tamén será bo para o futuro da actividade.

E ¿que dicir das destrutivas prácticas como a dinamita ou o arrastre que pese a súa ilegalidade existe a constancia de que se están practicando na nosa ría?

¿E que pasa coa pesca deportiva?, a regulación desta sá actividade é totalmente disparatada e hipócrita en Galiza e comezo cun exemplo: creouse a denominada "Reserva Mariña de Lira - Os Miñarzos" por decreto da Xunta de Galicia a instancias da confraría local. Esta reserva ten unha cara e unha cruz, establece dúas zonas de reserva integral, nas que non está permitida ningún tipo de actividade pesqueira ou marisqueira, limitación moi positiva á que non teño nada que obxectar. O problema vén na outra zona da reserva, nela está permitida o marisqueo e a pesca por métodos tradicionais e incluso a pesca tradicional con anzol, pero non a pesca de mergullo deportiva. Esta limitación é tan absurda como inxusta. A pesca submarina é un deporte estupendo que se se practica respectando as limitacións legais é unha actividade inofensiva co medio, pois é unha pesca selectiva, a diferenza da pesca con anzol, que non discrimina, aínda que esta tampouco ten un impacto significativo se a comparamos coa pesca comercial. Se o buceador é responsable e practica o seu deporte con respecto polo medio e non exerce de furtivo do marisqueo, non pesca especies prohibidas e cumpre o resto da normativa, está realizando unha actividade de respecto e goce da natureza, sendo ademais unha boa forma de coñecer e apreciar a marabilla submarina dos nosos mares, incrementando así a conciencia ambiental. ¿Por que entón se prohibe a pesca submarina nas zonas das reservas mariñas que non son de reserva integral? A resposta dista moito de ter unha xustificación ecolóxica, como dende algunhas confrarías se pretende facer ver. A causa hai que buscala nunha loita contra o furtivismo no marisqueo, matando moscas a cañonazos, xa que hai furtivos que co traxe de neopreno se camuflan de pescadores deportivos e a solución para algúns é a prohibición do deporte, algo tan absurdo como se por haber condutores que fan carreiras de coches ou conducen en estado de embriaguez se prohibe a circulación. A Federación Galega de Actividades Subacuáticas xa gañou un contencioso que prohibía as capturas de polbo a pescadores submarinos, outro que limitaba as zonas de peca, e terminará gañando este contra a limitación da "zona B" das reservas, pois o fundamento que sustenta esta norma é nulo.



OS FARSANTES

Liberdade de expresión
¡Que palabra tan bonita!
Se non houbera opresión
Pola nosa clase política.

Os políticos do momento,
Proclaman ós catro ventos,
Todo se vai en promesas
¡Óelos falar que non vexas!

Cando esixes cumprimentos,
Do que levan prometido,
Considéranche inimigo
¡Sábesse ben por que o digo!

Prometen por prometer
Sendo eles sabedores
Que o prometido en campaña...
Queda en nada de nada.

Non nos fan ningún favor
Insultándose uns ós outros,
Os problemas sen resolver
¡Xa non hai a quen recorrer!

A xente ten que ir ó paro
O pobo morre de fame,
Eles cos seus petos cheos
A lingua, dálle que dálle.

Cando saen elixidos
Para un cargo ocupar,
Diante dun xuíz e un notario
Tiñanos que facer firmar.

Das promesas prometidas,
E que non foran cumpridas,
Dos cartos do seu salario
Obrigarlles a pagalo.

Outro galo lles cantaría,
Ós políticos que temos
¡Levaríanos os demos!
Boa falta lles facía.

G.R. - Outes, 21 de xaneiro de 2009

Lecturas recomendadas

***Veleno Tinto*, Ramón Carredano**

Edicións Xerais 2008

Outro noíes que acadara o Merlín con *Unha branca de cobre para Martiño* e o Premio Avilés de Taramancos de relato de aventuras coa obra *Frei Samuel* en 2002 e *A unlla da aguia* en 2004.

Neste caso, o autor retoma o personaxe de frei Samuel, o monxe do mosteiro de Toxosoutos que xa fora protagonista da obra que recibía o seu nome, e condúceo a unha nova aventura, esta vez situada en Noia.

Corre o século XIV, entre as loitas que enfrontan o poder civil e o eclesiástico, representados un polo cortesán Don Alonso Álvarez de Deza, man dereita do infante Don Felipe, e o outro polo bispo Berenguel de Landoire, nomeado polo papa Xoán XXII. Os pros e contras dun francés destinado a gobernar Compostela...

Un taboleiro de xadrez no que nobres e personaxes humildes se colocan para botar unha partida na que alguén recibe o xaque mate que non ía dirixido a el, porque a historia está urdida nunha trama de intriga que resolveremos da man do monxe de Toxosoutos, un home de Deus que pode sorprendernos cun comportamento propio da esfera do mundano e carnal.

Un protagonista realmente pouco común que sofre de frieiras e posúe unha gran capacidade dedutiva, un detective ao servizo da Igrexa e as súas causas, un pícaro capaz de descubrir o intento de asasinato que se agacha detrás do homicidio dun inocente, porque a realidade sempre é mais complexa do que en principio semella....

E así comeza o relato:

"O inverno estaba a resultar moi duro aquel ano de 1319. A pesar de que era máis de media mañá, e o sol xa estaba alto dabondo no ceo, era un sol de invernía, amarelo, sen forza nin calor. A herba dos

prados aínda permanecía branca por mor da xeadada caída pola noite, e un vento do norte, fresco e afiado como o gume dun coitelo, que ía esgazando os restos da néboa nocturna salferida polos prados como xigantescas arañeiras, arrefriaba a cara chegando a deixala dorida. Nin sequera os paxariños se atrevían a saír dos seus niños, e un profundo silencio enchía a mañá".

Xusto o silencio que necesitas para continuar introducíndote nesta historia que sucede aí ao lado.

Pilar Sampedro



HUMOR



Período Especial

Pepe Sacau

Santiago, Madrid, Terranova e... finalmente A Habana. Ao darmos o primeiro paso para descer pola escada do avión a calor húmida do Caribe dá unha hostia inesquecível. Un golpe na cara que che deixa de súpeto sen alento e un sufoco que molla a camisola en cuestión de minutos.

Dirixímonos cara ao malecón, onde está o hotel, e chaman a atención os cadillac dos anos 50, auténticos tanques urbanos de cromados descoloridos e banda branca nas rodas, co sabor decadente a un pasado próspero e bohemio, ao estilo das películas americanas.

Os autobuses son grandes vermes amarelos, de liñas rectas e chepa, que van pasando por diante de enormes cartaces nos que, xunto á omnipresente bandeira cubana, poden lerse lemas inzados de orgullo patriótico e chamadas á resistencia heroica fronte ao inimigo ianqui.

O malecón son quilómetros de muro que encaran desafiantes o outro lado, o outro bando, o mundo opulento que se exhibe fachendosamente fronte á crúa realidade do "período especial" dos anos noventa. Un muro que todas as noites ve partir balsas imposíbeis en dirección a Miami ou, se a sorte volve as costas, ás entrañas dalgún tiburón. O malecón é vida e morte, é plenitude e miseria, é sexo, é amor, é suor, é comercio, é mentira, é a esencia de sermos humanos.

Entramos no hotel cargados de mochilas. Unha vez traspasada a porta principal, todo se volve transformar. A calor abafante en confortábel ar condicionado, o barullo de motos en sosego. O recibidor ten teitos altísimos e o persoal viste uniformes de estilo colonial, con botóns dourados. Detrás de nós entran tres italianos duns vinte e poucos anos, á moda típica mediterránea, con camisola axustada e mirada segura e confiada. Non tardan en subir ás súas habitacións e case que inmediatamente están xa de volta dispostos a comer o mundo. O mundo comeza por tres nenas de quince anos que entran no hotel só cinco minutos despois, con pasiños atropelados e collidas do talle por cadanseu bo mozo italiano, e coa ilusión nos ollos de conseguir facilmente algún "jean", un par de "t-shirts" ou unha cea no bufete do hotel, a cambio do amor mulato dunha noite.

O primeiro paseo pola Habana déixanos no recordo moitas outras nenas ansiosas dun mísero agasallo occidental a cambio dun cheque sexual en branco. Bicicletas de grandes rodas tripuladas por tres, catro e até cinco persoas, reunións de mozas e mozos en convulsa danza arredor dun radio-cassette que emite ritmos sincopados, parellas sesteando sobre o muro do mar, vellas de porte imponente sentadas ás portas dos edificios, vellos fracos como vimbios e curtidos polo sol e polo fume do

tabaco...

Necesitamos cambiar algúns dólares por pesos cubanos se queremos estar en Cuba. A alternativa é Varadero, as súas praias, os seus hoteis e restaurantes, os seus clubs para turistas, os espectáculos convencionais. Para esa outra Cuba abundan os dólares. O troco oficial é unha ficción. O valor do dólar vén marcado pola necesidade que os habaneros teñen de posuílo. E a máis necesidade, máis pesos ofrecen por cada dólar; corenta e cinco pesos, cincuenta e dous, qué máis dá. De que vale un peso se non hai nada que mercar con el? O dólar é outra cousa; é a posibilidade de adquirir unha botella de bo ron, uns pantalóns vaqueiros ou calquera artigo de importación que se venda nas tendas exclusivas dos turistas.

Paramos nun posto instalado na rúa, no que unha muller nos ofrece algunha das variedades de suculentas froitas tropicais.



—Imos probar unhas papaías. —"Ay, mi elmano, como tú dise eso, mi amor". Papaía é o nome co que designan coloquialmente a tamén suculenta froita do sexo feminino. O episodio resólvese entre picardías nun ton que para os pulcros europeos non sempre resulta cómodo. E é que cubanos e cubanas manéxanse como serpes na area cando se trata de falar á cara dos asuntos da carne, do sexo, do amor, ou dun cóctel de todos eles, mentres na "cuna da civilización occidental" nos revolvemos torpemente medindo as palabras, conxelando os xestos, apartando as miradas e amarrando as mans. Decidimos sentar uns minutos para catar o exquisito aroma dun café cubano. —"Qué va a sel?" Cústanos abandonar o galego; ademais dá a sensación de que nos comprenden sen maiores dificultades. —Un café cunhas pingas. E sorprendentemente volvemos oír iso de que —"Ay mi elmano, como tú dise eso, mi amor". Pinga é o nome co que

designan coloquialmente o tamén exquisito froito do sexo masculino. Fica claro que as eternas quenturas do ser humano van acompañarnos durante os días que pasaremos nesta illa.

Encamiñámonos á cidade vella, atravesando un sinfín de rúas en forma de cadrícula, nas que centos de homes reparan de maneira inverosímil os seus cadillacs, motocicletas, lavadoras e toda caste de aparellos, fabricando eles mesmos os repostos para as pezas estragadas polo tempo, botando man dunha sorprendente capacidade de reciclaxe e reutilización de materiais. Na televisión cubana dan un programa no que se presentan os máis audaces inventos obra de autodidactas enxeñeiros. Acompañadas de descrições técnicas de nivel elevado, os autores amosan en imaxes como un manguito dunha vella cociña de butano pode adaptarse ao circuíto da gasolina dunha motocicleta de maneira que se aforre un 5% de combustíbel. Ou como a bandexa metálica para o servizo das comidas nos hospitais, convenientemente moldeada, pode converterse nunha milagrosa antena parabólica coa que se capta a onda de "Miami Vice" procedente da Florida.

Chegamos á Cidade Vella da Habana, na que se respira polas rúas, parques e edificios o vello pasado colonial, mudado agora nunha mestura entre habitantes comúns da cidade

e turistas de cámara reflex e camisa de flores. Veñen de fronte tres ou catro colexialas que nos dedican miradas e risas deshinibidas en canto se cruzan con nós. Xusto no intre en que sinto unha palmada na entreperna. Tería quince anos e virou a cara despois do tocamento. Seguía a rir xunto ás súas amigas e non se me ocorreu outra parvada que dicirlle, nun intento de falsa e inútil autoridade: "No lo vuelvas a hacer!"

O paseo comeza a agotarnos. O asfalto ferve, os pés cocen, a roupa pégase ao corpo e despide o cheiro a vinagre do suor fermentado. Encomendámonos á procura dun hotel que teña restaurante. Sabemos que os hai por dúcias, mais a Habana é unha enorme extensión de avenidas e rúas, edificios e barrios de casas baixas, bulevares e hoteis de luxo. É practicamente imposíbel atopar restaurantes, agás os que se atopan nos hoteis, que están reservados aos turistas, estean ou non aloxados neles. As raras ocasións nas que se pode ver no restaurante a alguén que non sexa turista, corresponden a algunha moza, normalmente de poucos anos e moitos atributos, en actitude de

triste submisión a un señor de cincuenta ou sesenta, que lle promete altivo o soño efémero de convertela en raíña por uns poucos días, a cambio dun perfume ou unha pastilla de xabón.

Os restaurantes son algo parecido ao paraíso, antes de que Adán e Eva fosen expulsados del simplemente por disfrutalo. Ao outro lado do muro do hotel, o racionamento. Deste lado, no interior, todo tipo de froitas ao natural ou licuadas, mojitos e daiquiris, carnes, ensaladas, cremas e doces: é o "bufete", no que se pode comer e beber a libre disposición dos clientes, por uns poucos dólares.

De volta no hotel, baño nunha piscina de luxo para apenas dez ou doce clientes, á luz das

estrelas e ao calor do Caribe, co último mojito do día na man, antes de subir ás habitacións onde inutilmente trataremos de durmir baixo os ventiladores que viran a toda potencia.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

O CATOLICISMO NO S. XXI (II)

SOTANAS MOLLADAS

Olalla Tuñas Martínez

Cambiaron as tornas e na actualidade ser seminarista implica ser obxecto dalgunhas críticas e malas miradas por parte de moitas persoas. En palabras de Jaime: “é moi difícil ser seminarista hoxe, houbo moita xente da miña idade que me deixou de falar por entrar no Seminario. Chámanme radical, xa me dirás ti quen é aquí o radical”. O rapaz de vermello só pide unha ética de mínimos na sociedade, un respecto mutuo dentro dun marco democrático onde el poida tamén participar. Os abandeirados da “liberdade” que tiran pedras ó que eles consideran un “niño de opiáceos” non lle dan entrada ós parlamentos máis rudimentarios, os da democracia do día a día baseada en xestos de deferencia cara aquel que escoitamos.

Esa aversión a todo o que implique certo compromiso fóra do que estipula a fe civil no sistema ten que ter un nacemento e unha nai. O mesmo choque entre a Igrexa e o Estado como dous focos de poder social, na actualidade independentes, puido dar lugar ó deterioro da imaxe da Igrexa con respecto ó seu pasado dourado. Jaime afirma que: “o Estado fai ver que a Igrexa quere impoñerse e na sociedade actual é mellor facerse a vítima. O Estado preséntase como vítima da Igrexa”. Non podemos obviar que esa vítima nunca será tal e hai que ter en conta que os cálices non son de todo inocentes, de feito cómpre separar propaganda de

quen escolle ante que axeonllarse. A liberdade de elección é a que está levando ó catolicismo cara á minoría. Produciuse relevo relixioso algún? Péchanse igrexas e ábreanse mesquitas a causa da chegada de emigrantes musulmáns, mais son dous procesos paralelos que non se superpoñen. Non hai, polo tanto competencia de culto. Porén até hai ben pouco, era a Igrexa a encargada de dotar dunha ética á poboación e agora o Estado toma o relevo, os que falan nos altares xa non levan sotana mais a cerimonia é semellante, iso si, sempre permitindo a saída voluntaria cara á marxinação.

“O Estado preséntase como vítima da Igrexa”

realidade e a verdade é que a relación entre os dous poderes nas altas esferas é boa, basicamente por cuestións de conveniencia; por unha banda, aínda hai moitos votantes católicos, e por outra cómpre ter en conta a dependencia económica da Igrexa co Estado.

É necesario advertir a viraxe que experimentou a sociedade española ó longo dos tres últimos cuartos do s. XX: dun catolicismo practicante forzado pola vinculación da Igrexa co poder político, pasamos a unha sociedade na que é a poboación



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Domingo(s) Sendón, ou apoloxía de Añón polo home duplicado (I) Ramón Blanco

O premio Leixapré, organizado hogano polo I.E.S. Poeta Añón, quere homenaxear ao poeta outense Domingo Sendón Rodríguez, falecido en Buenos Aires no 1994. Este feito, que moito nos comprace, motivou que nos vísemos na obriga de escribir un pequeno texto biográfico en homenaxe a Sendón. Grazas á xenerosidade e atención do compañeiro de redacción Xoán Francisco García Suárez, que nos proporcionou materiais por nós descoñecidos, viñemos descubrir que tiñamos asumido un dato errado sobre Domingo Sendón, no referente á súa faceta de promotor da obra de Añón. A casualidade desconcertounos tanto, e foi tal a nosa rompedura de cabeza, que conseguiu facernos aprazar o tema previsto para este papel, e que xa terá o seu momento.



Sendón Rodríguez traballou sen folgos para que Francisco Añón fose recoñecido a ambas as dúas beiras do Atlántico, sendo fundamental a súa colaboración nas conmemoracións máis permanentes e palpábeis, isto é: os monumentos. As biografías sobre o poeta de Boel coinciden en que Domingo Sendón é outro poeta outense que en 1925 trouxo desde Arxentina a placa conmemorativa (con data de 1924) encargada pola “Sociedad Unión Residentes de Outes en Sud América”, destinada á casa natal de Añón, mais que só podería colocarse dez anos despois, en 1935. Así mesmo, Sendón Rodríguez parece ser responsábel directo de que en 1978, centenario da morte do precursor do Rexurdimento, outra placa conmemorativa (da mesma sociedade de outenses na Arxentina) sexa colocada na estatua do poeta (que, á súa vez, tamén fora erixida por iniciativa daqueles emigrantes, nas Letras Galegas de 1966, ao igual que a outra placa, de 1968, que hai na estatua). Como non esquecemos que Domingo Sendón Rodríguez era cargo directivo da asociación, en calidade de “secretario de prensa” (e constando como “secretario de actas” en 1978), nin podemos obviar a súa decidida vocación de reivindicar a figura e obra de Añón, podemos supoñer que detrás destas iniciativas dos residentes de Outes en Buenos Aires, estaría sempre o propio Sendón, que non dubidou en poñer a súa pluma ao servizo da causa, como podemos ver nalgún poema (“Añón consagrado po lo Parnaso”, en 1966, ou “Un outesan que compreu un século no recordo”, en 1978) ou artigo (“Centenario del fallecimiento de Añón”).

Na mesma liña, a Comisión Directiva da Sociedad Unión Residentes de Outes en Sud-América encargou en 1922 unha copia-reimpresión en Buenos Aires do libro editado en 1889 pola “Biblioteca Gallega” coas *Poesías* de Francisco Añón. No final do volume inclúese unha “Advertencia Editorial” asinada polos membros de dita Directiva, e entre os cales figura, en terceiro lugar, “Domingo Sendón, secretario”.

Supoñemos que unha vez exposto todo isto, estarán agardando polo dato clave, e aí lles vai: este Domingo Sendón non é Domingo Sendón Rodríguez. É dicir: hai dúas persoas co mesmo nome (sequera no primeiro apelido) e que ademais comparten orixe e ocupación: os dous están na mesma asociación por seren naturais de Outes, con funcións de secretariado (aínda que o “secretario” e o “secretario de prensa” ou “secretario de actas” non son o mesmo cargo). Isto foi o que nos levara a nós a crer que Sendón Rodríguez fora un dos promotores do libro, factor lóxico no conxunto das reivindicacións que o relacionaban con Añón. Non queremos afirmar con isto que non tivese nada que ver, pero

por agora nada sabemos. O que si soubemos (se non hai erro no que puidemos ler) é que foi outro Domingo Sendón, falecido en 1971, quen se encargou da maior parte das tarefas de dita reimpresión das poesías de Añón.

No próximo número desvelaremos novos detalles desta coincidencia onomástica e apoloxética, resolta grazas á referida aportación de X. F. García, e mais ao testemuño de Amanda Caamaño Sendón, sobriña do poeta, a quen tamén queremos agradecer desde este espazo a súa desinteresada colaboración.



Casa de Añón en Boel

Xoán X. Mariño

É o ano 1935. A multitude congregase diante da casa natal do noso insigne poeta en Boel, atraída desde tódolos lugares do concello e tamén de moitos outros puntos de Galicia, para asistir ó descubrimento dunha placa conmemorativa fixada á fachada principal do emblemático edificio e traída desde Arxentina por Domingos Sendón por encargo da Unión de Residentes de Outes en Bos Aires, da cal era secretario.

A placa, que recorda o ano de nacemento e morte do escritor, fora realizada dez anos antes por iniciativa do propio Domingos Sendón, o outense máis preocupado xamais pola preservación da memoria do noso personaxe máis ilustre, pero o acto de colocación da mesma non se puidera realizar entón porque a Ditadura de Primo de Rivera,

iniciada en 1921, sen chegar á saña represora que o franquismo desataría despois, perseguía implacablemente tódolos actos públicos que non fosen de exaltación patriótica española.

De xeito que houbo que esperar ós tempos de liberdade que trouxo consigo a II República para que se visen cumpridos os desexos dos nosos emigrantes en América, a quen se debe, non só que a chama prendida por Añón se mantivese acesa, senón que tamén cobrase maior vigor coa reedición da obra do noso poeta en 1922, con cuxos beneficios puideron custear a placa colocada na súa casa, non no 50 cabodano da morte do Precursor do Rexurdimento, como sería o desexo dos promotores, pero si en medio dun maior entusiasmo popular, propiciado pola nova xeración de galeguistas que por tódolos confíns da Terra espallaban fervorosamente os seus versos:



*Ai esperta, adorada Galicia,
Dese sono en que estás debruzada;
Do teu rico porvir a alborada
Polo ceo enxergándose vai.*

*Xa cantando os teus fillos te chaman
E cos brazos en cruz se espreguizan...*

Ao acto, segundo relata o periódico *A Nosa Terra* o 6 de decembro dese ano, asistiron os membros da corporación municipal e outras autoridades do partido xudicial. Nel faláron D. Xenaro Blanco, un vello político noiés; o profesor, escritor e recoñecido galeguista D. Álvaro de las Casas, que pronunciou un magnífico discurso en galego; e un sobriño de Añón, vello labrego de 78 anos, que deu as grazas en nome da familia do poeta.

Remata a crónica dicindo que despois se celebrou un xantar na casa do médico señor Esperante e unha animada romaxe.

Novos Artistas

Título:

A leiteira.

Autoría:

Lucía Cao García

Esta pintura, elaborada con ceras e rotuladores sobre papel, foi galardoada co 2º premio na categoría de 2º ciclo de Educación Primaria no certame convocado polo concello de Outes xunto coa Asociación *Terra de Outes* en abril de 2008 para conmemorar o 130 aniversario da morte do poeta Añón.

A súa autora, Lucía Cao García,

cursaba 3º curso de Primaria no CEIP “Emilio Navasqüés” do Cruceiro de Roo.

